

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreira González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a. María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a Vanessa Quintela Pedreira.

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández.

ACTA

En Arzúa, a 29 de marzo de 2017.

Sendo as 20:10 horas, reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

Punto 1º **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2017.**

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con

respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º **DECIDIR SOBRE A APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2017 E CADRO DE PERSOAL AO SERVIZO DESTA ENTIDADE LOCAL**

Polo secretario dáse lectura do ditame que emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, en relación con este asunto, na sesión celebrada o

día 23 do presente mes de marzo; no seguinte sentido:

"Pola Presidenta da Comisión explicase:

- *Que no presente orzamento consígnanse os gastos de persoal, os gastos dos servizos que se prestan, o pago de intereses e amortización dos préstamos, os investimentos a executar durante o exercicio e os gastos en amortización de débeda con entidades bancarias.*
- *Que todos estes gastos fináncianse cos ingresos que obtén o Concello dos seus impostos, taxas, subvencións e outros especificados no estado de ingresos do orzamento.*
- *Que as variacións na estrutura do gasto e do ingresos contéñense na memoria da alcaldía, e o orzamento preséntase coa clasificación por áreas e gasto e económica que establece a normativa estatal.*
- *Que este orzamento, na vertente de gastos, supón un incremento do 0,87 % con respecto ao previsto para o ano 2016, polo tanto é un orzamento elaborado con prudencia e supón unha continuidade con respecto ás liñas seguidas en anos anteriores, acomodando o nivel de gasto ao límite máximo de recursos que ten este Concello.*
- *Que tamén dende a vertente dos ingresos o incremento é dun 0,87%. Os ingresos en concepto de impostos, taxas e prezos públicos (capítulos 1 a 3) mantéñense constantes, adecuando a previsión de recadación no 2017 ao nivel de recadación producido no ano 2016. Os maiores incrementos prodúcense nos capítulos 4 e 9, onde se imputan as achegas para gastos correntes e amortización de débeda procedentes do Plan Provincial pos+2017.*
- *Que o expediente orzamentario contén os anexos e informes requiridos polo Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, así como a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Regra de Gasto, e como se acaba de expoñer preséntase equilibrado.*
- *Que en canto ás esixencias da normativa de estabilidade orzamentaria, hai que salientar que o orzamentario cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, coa regra de gasto e co límite de débeda, tal e como se desprende dos informes de intervención que obran no expediente.*
- *Que con estas previsións orzamentarias espérase seguir cumprindo co período medio de pago tal e como se ven facendo ata agora.*

Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) comentando que, por carecer neste momento da documentación, vaise abster para pronunciarse posteriormente no Pleno.

Intervén o Sr. García Couso (de CxG) manifestando que non observa cambio cos orzamentos anteriores; que non propoñéndose unha serie de obras de mellora concretas, como serían as de ampliación da Gardería municipal, e outras de abastecemento e saneamento, e non propoñéndose tampouco o rescate de servizos que seguen estando privatizados, vai votar en contra da súa aprobación.

Toma a palabra o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) comentando que esperan a dispor de toda a documentación para pronunciarse no Pleno.

Toma a palabra a Presidenta da Comisión para explicar:

- Que, en canto ás obras, no orzamento vai previsto o saneamento da parroquia da Castañeda, a rehabilitación do local social de Lema, a traída de augas de Dombodán, rematar coa sinalización que quedou pendente, entre outras; e

- Que en canto ao rescate dos servizos, hai agora mesmo contratos que están próximos a vencer e que iso xa se valorará no seu momento.

Tras o exposto a Presidenta da Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por catro votos a favor (de AxA), tres abstencións (2 do PP e 1 do PSdeG-PSOE) e un voto en contra (de CxG)- o acordo de informar favorablemente a aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2017 e o cadro de persoal ao servizo desta entidade local”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expoñer que os orzamentos municipais é un documento bastante complicado, e o coñecemento que ten del é en liñas xerais; polo que esta primeira rolda de palabra utilizará para tratar de que lle sexan aclaradas algunhas cousas que non entende do tema de investimentos, como sería:

- No Anexo de gastos de capital, non sabe a que obra concreta se refire o punto 1, nomeado “ordenación e estacionamento de vehículos”, cun total de 6.000 euros.

- En medio dese Anexo figura outro punto, nomeado “outras actuacións medio ambiente”, cunha cantidade de 30.000 euros, e tampouco coñece para que é.

- Ao final de dito Anexo figura outro apartado nomeado “xestión do patrimonio”, cunha cantidade de 103.000 euros, e lle gustaría saber a que se refire.

Polo que quere que se lle dea unha explicación ás dúbidas expostas, porque a valoración final dos orzamentos xa a manifestou na sesión da Comisión de Contas; e na segunda rolda de palabra manifestará a súa posición con respecto a estes orzamentos.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar:

- Que non hai variación con respecto aos pasados orzamentos, salvo o incremento do un por cento no gasto, porque hai mais ingresos polos plans da Deputación Provincial, o cal é positivo para os concellos con menor número de habitantes e do medio rural.

- Que preferiría que os orzamentos se levaran a cabo doutro xeito, adicándoselle mais a servizos e infraestruturas e non tanto a gastos correntes.

- Que votamos en falta que non se incluíra nos orzamentos outros saneamentos, e aledámonos de que vaía o da parroquia de Castañeda, que boa falta facía.

- Que tamén votan en falta que non vaían partidas para a ampliación da Gardería, os saneamentos doutras parroquias, ou que non houbera unha partida para que siga habendo a feira de Nadal, porque -aínda que haxa a normativa da Xunta de Galicia, para que os produtores non poidan traer capóns de nadal a feira- é unha situación na que se debería implicar o Concello e axudar aos gandeiros.

- Que tamén votamos en falta que non vaía o local social da parroquia de Tronceda, o cal vén sendo solicitado desde hai moitos anos; así como outras

infraestruturas que serían moi necesarias.

Por todo iso, a súa postura vai ser a de abterse cando se someta a aprobación ese orzamento.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar:

- Que lle gustaría saber se vai a haber algunha proposta para que a auga de Arzúa sexa mais limpa, porque hai queixas dos veciños.

- Que, tal como se incluía no noso programa electoral, gustaríanos que houbera unha feira representativa por mes.

- Que canto mais propostas salgan adiante mellor, e se poideramos colaborar un pouco mais tamén sería mellor.

*Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que, antes de responder ás cuestións formuladas, lle gustaría facer unha pequena introdución ao que son os orzamentos; deixando claro:

1. Que partimos dunha situación moi distinta á dos anos anteriores á crise, porque agora xa non vale só cumprir coa Lei de Facendas Locais, como antes, senón tamén coa Lei de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade financeira, que conleva unha serie de obrigas que hai que cumprir: o período medio de pago, o límite de débeda, o principio de estabilidade presupuestaria, e coa regra de gasto.

2. Que partimos dunha situación na que houbo moitos recortes, e na que o Concello tivo que asumir parte deses recortes; como por exemplo en relación co Conservatorio, non sempre houbo a fortuna de agora de que a Deputación repartira os cartos con criterios obxectivos, senón que dependía do color político do concello; tamén se sabe que houbo unhas subas importantes, como a do lixo, ao ter que afrontar unha suba do 34%, ou a suba do IVE que tivo unha gran repercusión para o Concello á hora de contratar as obras, os servizos e os subministrados, e tamén as subas no importe do consumo eléctrico e no combustible.

3. Que temos que cumprir co teito de gasto marcado, non podemos estar pedindo préstamos a cada paso, temos que poñer ao día moitas das contratacións, e resulta que non ten nada que ver o que se paga agora, por exemplo, polo funcionamento da depuradora e polo alumeadado público, co que se pagaba antes.

4. Que a desaparición do GRUMIR supuxo que o Concello tivera que contratar a outras persoas para que fixeran o traballo que se facía desde ese grupo de intervención; e iso non só supón un gasto, senón que tamén se poñen trabas para poder contratar.

5. Que todo iso se fixo sen subir impostos, cun gran esforzo; porque estabamos ante unha decisión política, consistente en que: Ou se suben impostos, para poder facer mais obra; ou non se suben impostos, e se renuncia a facer mais obras. Nos optamos por esta última vía, dada a situación de crise que sofre o concello, todas as administracións e tamén os particulares.

- Que, con respecto ás preguntas realizadas polo Sr. García Couso, quere dicir:

•Que a partida sobre “ordenación e estacionamento de vehículos”, refírese a un aluguer que se vai pagar aos propietarios da finca adicada agora mesmo para estacionamento; e ese aluguer ven dado pola existencia dun convenio que se asinou,

pero que nunca estivo en vigor. Había tres opcións: ou pechalo, ou pagar un aluguer ou tratar de facer un convenio mellor; e os propietarios optaron pola opción do aluguer, e estamos niso.

- Que o doutras actuacións de medio ambiente, por un importe de 30.000 euros, se refire á compra dun brazo para a desbrozadora.

- Que nos 103.000 euros previstos para “xestión do patrimonio”, vai incluído o local social de Lema que hai que restaurar e o retellado do edificio “María Mariño”.

- Que a sesión do Pleno sobre os orzamentos municipais sempre segue a mesma dinámica: a oposición facendo as súas propostas ou trasladando as súas queixas, e o goberno defendendo a súa xestión.

- Que no goberno tamén somos conscientes de que faltan moitas cousas por facer, e de que non se da feito todo nuns orzamentos previstos para un ano; o que se trata é seguir na liña en que estamos, que é a de gobernar con responsabilidade.

Seguidamente abriuse unha segunda rolda de debate, realizándose as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que, sobre a primeira cuestión, fálase dunha finca en aluguer, que non sabe onde está nin que tipo de finca é; e se existía un convenio descoñeceo tamén.

- Que as demais actuacións quedaronlle claras, e aínda que na partida de 103.000 euros se fala de dúas actuacións non sabe cal é o seu desglose: o que corresponde á rehabilitación da edificación en Lema para local social e o que corresponde á cuberta do edificio “María Mariño”.

Responde o Sr. alcalde:

- Que a finca para estacionamento é a que existe detrás do bar “Luis”.

- Que para a rehabilitación do local social de Lema vaise a destinar 75.000 euros e o resto vai ser destinado o retellado do edificio “María Mariño”.

Continua o Sr. García Couso a súa intervención para indicar que vai votar en contra dos orzamentos municipais, que foi a postura que xa mantivo na sesión da Comisión de Contas; e iso, polos seguintes motivos:

- Son uns orzamentos continuistas e nada ambiciosos, porque non traen nada novo, e vai a citar algúns obxectivos que xa foron demandados na sesión en que se trataron os orzamentos o pasado ano, como a posibilidade de solucionar o problema que existe coa Escola infantil, porque de todos é sabido a incapacidade de asumir as demandas de prazas que hai, pero tamén leva tempo demandando o abastecemento de auga ás parroquias, dise que vai á de Dombodan, pero non ve ningunha partida concreta para esa actuación.

- Con respecto aos programas de saneamento, sorpréndelle a cantidade prevista de 40.000 euros, e pregunta se vai ser suficiente para sanear a parroquia de Castañeda, tendo en conta que é unha das mais fáciles de sanear, porque xa conta coa instalación no que era o antigo trazado da estrada nacional 547; e considera esa cantidade insuficiente para aumentar esas canalizacións aos lugares e casas da parroquia e para realizar unha canalización xeral e a construción dunha depuradora, porque non cre que

se vaia a conducir a auga sen depurar.

- Nas anteriores sesións do Pleno demandou unha actuación, que podería ser de pouco orzamento, que sería unha axuda para o emprendemento, como podía ser un viveiro de empresas.

- Non se rescatan os asuntos sociais, sobre esta cuestión o alcalde tería que explicarnos porque pagamos o IVE nos asuntos sociais, cando se foran de xestión pública eses fondos irían para o propio servizo e non como un imposto que actualmente é do 25%; e, se falamos dun custo que se aproxima aos 200.000 euros, estaríamos dicindo que aumentaríamos o orzamento para este tipo de servizos na cantidade correspondente.

- Tampouco ve ningunha partida para levar a cabo a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, algo necesario porque se modificou a Lei de ordenación do territorio, polo que se poderían corrixir certas disfuncións que presenta o PXOM existente.

- Fálase dun programa de sinalización, pero non se concreta en que parroquias. Esta a favor da sinalización, pero tamén espera que se faga ben; por exemplo:

- Na sinalización onde esta a parroquia de Maroxo e de Villantime, hacia Villantime hai un indicador que pon A Pena, e é unha equivocación porque tería que ser Pela, sen artigo, polo que pide que se poña sen o artigo, ou

- San Miguel que é de Villantime, esta posto como de Maroxo, ou

- O río, que é tanto para os veciños de Santiso como para Arzúa, foi sempre o río da regada, non é o nome que se lle puxo.

- Hai unha partida de 123.000 euros para acceso a núcleos rurais, e considera que son uns fondos moi discrecionais, que se van a utilizar para realizar actuacións pequenas, para contentar a quen os pida, que non son os que mais o necesitan.

- O alcalde dixo que non se subiron os impostos, e non é verdade, como o poden comprobar os veciños; poñendo como exemplo o imposto sobre bens inmobles.

- Falouse da perda do GRUMIR, e se cadra non houbo a suficiente capacidade de xestión para que iso non se producira.

Por todo iso o seu voto vai ser en contra.

Tamén intervén, nesta segunda rolda de debate, o Sr. García Rodríguez (do PP), para expresar que está a favor do proxecto de orzamento municipal presentado, considerando que primeiro hai que pagar o que é inevitable pagar e se quedan cartos investilos.

Rematada esta segunda rolda de debate, fai uso da palabra o alcalde para expresar o seguinte:

- En canto a que se trata duns orzamentos continuistas, nada ambiciosos, quere dicir que non estamos en disposición de tirar a casa pola ventá; de todas maneiras vai ler a acta dunha sesión plenaria do ano 2007, onde se dicía que o orzamento agora presentado non se diferencia en nada ao orzamento do pasado exercicio 2006; entón o que naquel momento era positivo agora parece ser negativo.

E noutra acta dunha sesión de Comisión de Contas dis que o remanente de tesourería non é un aforro positivo, que oxalá non houbera ningún remanente; e quere dicirlle ao Sr. García Couso que iso é imposible conseguilo, sempre é mellor que sexa positivo.

Nese sentido quere ler algúns títulos que saíron na prensa: “O Concello de Arzúa cometerá importantes actuacións, debido aos datos positivos da última liquidación do orzamento municipal de 2009”, ou “Gracias ao remanente de tesourería se instala internet nos locais sociais.”

É dicir o que naquela época era bo, agora e nefasto.

- En canto á Escola infantil, no Pleno xa se ten dito que dependemos da Xunta de Galicia para que contrate o persoal, e o mantemento corre a cargo do Concello, pero a decisión da súa ampliación é unha cousa que compete á Xunta de Galicia, nós non teríamos ningún problema en financiar parte das obras de ampliación.

- En canto ao abastecemento de auga, cre que o estamos facendo con bo sentido, fíxose en Dombodan unha primeira fase cun valor de 189.000 euros; e este ano, aínda que non está contemplado no orzamento municipal, porque xa é unha obra se se vai facer agora, vaise completar o abastecemento de auga nas Hortas para catro casas e no núcleo de Gramil.

E quere dicir que o abastecemento de auga se está acometendo con bastante bo sentido, porque na parroquia de Dombodan houbo un total de vinteseis altas, mentres que cando se fixo na parroquia de Pantiñobre só se ten constancia de que houbera tres altas; o que non se pode é gastar o diñeiro por gastalo, senón cando realmente hai demanda.

-En canto a se van ser suficientes ou non os 48.000 euros do saneamento na parroquia de Castañeda, quere dicir que -como xa falou noutro momento- estamos pendentes de elaborar proximamente un proxecto, porque estamos á espera de que Augas de Galicia nos dixera se o lugar de que se dispoñía era propicio para poñela. E non hai ningún problema, se o custo é mais, porque parte desa partida de 128.000 -que o Sr. García Couso mencionou que ía destinada para arranxar pequenas cousas os veciños-, podería destinarse para cubrir ese maior custo.

- O tema dos servizos sociais, xa está moi falado, douse a coñecer un estudio económico que indicaba que ía haber un aforro, por iso se levou a cabo.

- En canto á sinalización, somos conscientes dos problemas, porque os proxectos agora fanse desde os despachos, faise menos traballo de campo, e iso conleva que haxa erros, erros que se van solucionar, porque o técnico do Concello xa quedou con xente das parroquias para revisar o tema da sinalización.

- No tema dos servizos, non quere entrar, só vai poñer un exemplo: non pode custar o mesmo un servizo que esta actualizado no día de hoxe, que no ano 1985.

- Sobre a suba dos impostos, xa o temos discutido moitas veces, no referente ao IBI, posto que -cando tomou posesión no cargo de alcalde- tivo que asumir que se pedira a revisión catastral polo anterior goberno; temos discutido que se podía aceptar ou non, e xa teño contestado que aínda que nos negáramos íase facer de oficio.

- Gustaríame deixar claro para este ano que a situación para os concellos é distinta, polas circunstancias que xa expuxo, que hai cousas moi positivas para este Concello, así temos un aforro neto de 274.000 euros, un volume de débeda do 25% que ao final de ano quedara nun 20%, e temos un remanente de tesourería de 93.887 euros.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria tanto a aprobación do orzamento municipal elaborado para o exercicio 2017, como a aprobación do cadro de persoal ao servizo desta entidade local, nos termos en que foron

presentados;

Adoptándose -por sete votos a favor (de AxA) e un en contra (de CxG-CCTT), coa abstención dos catro concelleiros do Partido Popular e da concelleira do PSdeG-PSOE- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobado inicialmente o orzamento municipal para o exercicio económico 2017, nos termos en que foi elaborado.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións no Boletín Oficial da Provincia, conforme se dispón no artigo 169 n.º 1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que -de conformidade con dito artigo- no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente considerárase definitivamente aprobado; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de cómo quedan os capítulos do Estado de Gastos e do Estado de Ingresos do orzamento municipal, a efectos de que poida entrar en vigor; dando cumprimento así ao disposto no artigo 169 n.º 5 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo.

Cuarto.- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Quinto.- Co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 90 n.º 1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 126 n.º 1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, aprobar o cadro de persoal ao servizo desta entidade local, que comprende os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

Punto 3º) LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO PARA O EXERCICIO 2017.

Polo secretario dáse lectura do ditame que emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 23 do presente mes de marzo; no seguinte sentido:

"Pola Presidenta da Comisión explícase:

- Que pola Lei orgánica de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira esixe a aprobación dun teito de gasto non financeiro que marcará a asignación de recursos dos orzamentos, compatible co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto. Este límite non inclúe os gastos nos capítulos 8 e 9 e para a súa determinación tampouco son tidos en conta estes capítulos do orzamento de ingresos.

- Que o cálculo deste límite aparece desglosado no informe da intervención municipal, que se une ao expediente, fixándose na cantidade de 4.893.757,88 €, que resulta

compatible co mencionado principio de estabilidade orzamentario e coa regra de gasto.

-Que os datos que serviron de base para efectuar o cálculo do límite de gasto son expresados no expediente do orzamento municipal para o exercicio 2017.

Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) comentando que por carecer neste momento da documentación, vaise abster para pronunciarse posteriormente no Pleno.

Intervén o Sr. García Couso (de CxG) preguntando si neste punto trátase de aprobar ou non aprobar, ou simplemente de tomar coñecemento.

Contesta a interventora, a petición da Presidenta da Comisión, que neste punto non se trata de tomar coñecemento, senón de que o Pleno da Corporación adopte un acordo en aplicación do disposto na Lei orgánica de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Tras o exposto a Presidenta da Comisión someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose -por sete votos a favor (4 de AxA, 2 do PP e 1 de CxG) e unha abstención (do PSdeG- PSOE)- o acordo de informar favorablemente a aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2017.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que se mantén no indicado na sesión da Comisión de Contas; considera que é un documento que se ten que elaborar, e en todo caso a dúbida sería se se vai a cumprir ou non; pero non dubida de que se vai a cumprir, polo que votará a favor.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, como se trata dunha normativa da Comunidade Económica Europea, vai votar a favor.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que se hai que facelo non pon obxección.

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 20 de marzo de 2017, no que se conclúe que o orzamento municipal é coherente co límite de teito non financeiro, ao situarse a estimación de execución por debaixo do límite máximo permitido.

O Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- o acordo de aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2017, aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade presupuestaria e Sostenibilidade financeira, por un importe de 4.893.757,88 euros.

Punto 4º) PLAN ECONÓMICO FINANCIERO PARA O PERÍODO 2017-2018.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 23 do presente mes de marzo; no seguinte sentido:

"Pola Presidenta da Comisión explícase:

-Que este documento elaborase despois da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2016.

- Que a liquidación do orzamento efectúase conforme aos procedementos establecidos no Texto refundido da Lei Reguladora de facendas locais e o Real Decreto 500/1990. Esta normativa establece que como consecuencia da liquidación do orzamento calcularase o aforro neto, o volume de endebedamento, o resultado orzamentario e o remanente de tesourería.

-Que todos estes parámetros teñen saldo positivo, polo que a execución do orzamento do exercicio 2016 cumpriu cos límites e esixencias que contén a normativa orzamentaria:

Resultado orzamentario: 201.600 €

Aforro neto: 274.746,18 €

Volume de endebedamento con respecto aos recursos correntes liquidados: 25,4%

Remanente de tesourería para gastos xerais: 93.887,51 €

Pero que por outra parte hai que ter en conta a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que obriga á verificación do cumprimento do período medio de pago a provedores, así como das tres regras fiscais en términos de contabilidade europea: estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda.

- Que tal e como pon de manifesto o informe da intervención municipal, con ocasión da liquidación do exercicio 2016 cúmprese o período medio de pago e o límite de débeda, pero sen embargo, incúmprese o principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

- Que a verificación do principio de estabilidade orzamentaria arroxa un déficit de financiamento de 204.336,84 €, e a verificación da regra de gasto arroxa un incumprimento de 44.896,88 €.

- Que cando se produce un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria (fixado como déficit cero), da regra de gasto (cun límite permitido do 1,8% sobre o gasto computable do 2015) ou do límite de débeda, o artigo 21 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira obriga á elaboración dun plan económico-financieiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos.

- Que se elaborou o Plan Económico Financeiro co contido establecido no citado artigo 21 e segundo o modelo normalizado e único aprobado polo Ministerio de Facenda.

- Que ao longo deste plan detállase a situación actual económica-financieira, a

xustificación do incumprimento destes parámetros fiscais e as medidas a adoptar para corraxir o desequilibrio.

- Que tal e como se detalla a xustificación do incumprimento veu motivada pola utilización do remanente de tesourería derivado da liquidación do ano 2015, así como pola financiamento de gastos con cargo ao préstamo provincial PAI 2015, e que tal e como se xustifica no Plan, é unha situación conxuntural, non indicativa dunha necesidade permanente de financiamento de gastos con cargo a recursos financeiros.

- Que logo da explicación de cal foi a causa dos incumprimentos (detallando cifras concretas) aplicouse o criterio da Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local dependente do Ministerio de Facenda e Función Pública, no sentido de que é admisible aprobar un plan sen medidas concretas se coa aprobación do orzamento do exercicio seguinte (2017) se dá cumprimento ao equilibrio orzamentario e á regra de gasto.

- Que as cifras que contén este Plan Económico Orzamentario son as reflectidas no proxecto de orzamento do exercicio 2017 e nos marcos orzamentarios a medio prazo para o período 2018/2020.

- Que o Plan Económico foi elaborado dentro do prazo que marca a normativa de estabilidade orzamentaria, a cal indica que no prazo dun mes dende que se detecta o incumprimento deberá presentarse ao Pleno o documento, e o Pleno dispón de dous meses dende a súa presentación para aprobalo.

- Que o incumprimento detectase con motivo da aprobación da liquidación orzamentaria (28 de febreiro de 2017), polo que este documento tramítase e preséntase en tempo e forma ante o pleno.

Acto seguido, solicita a Presidenta da Comisión que interveña a interventora coa finalidade de aclarar este tema debido á súa especial complexidade técnica.

Toma a palabra a interventora para explicar:

- Que a aprobación, execución e liquidación do orzamento está suxeita ao cumprimento das normas orzamentarias aplicables ás entidades locais, o Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e o Real Decreto 500/1990 de 20 de abril. Esta normativa define o orzamento en equilibrio cando o importe dos ingresos totais dos capítulos 1 a 9 igualan ou superan aos gastos totais do orzamento, capítulos 1 a 9; tanto na aprobación, como na execución ou liquidación orzamentaria.

- Que por outra parte a aprobación, execución e liquidación do orzamento está suxeita ao cumprimento da esixencias impostas pola normativa comunitaria, e que se reflicten na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e que supón que se deberá cumprir o principio de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda.

- Que a metodoloxía de cálculo destes parámetros é distinta á empregada pola normativa orzamentaria, xa que só ten en conta para entender a existencia dun superávit ou déficit orzamentario os capítulos 1 a 7 de ingresos e 1 a 7 de gastos; de xeito que entende que existe un equilibrio orzamentario cando unha administración financia os seus gastos non financeiros (capítulos 1 a 7) con ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7), de xeito que se o financiamento de gastos nestes capítulos se realiza con cargo a remanente de tesourería (capítulo 8) ou préstamos (capítulo 9) pode xerarse un desequilibrio nas contas, e se se produce, a entidade queda obrigada a

formular e aprobar un Plan Económico Financeiro.

- Que a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais supón a utilización dun aforro xerado no exercicio anterior como consecuencia da execución de maior ingreso sobre o gasto, o cal dende o punto de vista da normativa orzamentaria está permitido e articulase a través de modificacións de crédito.

- Que sen embargo estas modificacións poden dar lugar a desequilibrios en termos de contabilidade nacional (sistema europeo de contas), que foi o que sucedeu coa liquidación do orzamento do exercicio 2016 no Concello de Arzúa.

- Que tamén foi provocado o desequilibrio polo financiamento de inversións do capítulo 6 con ingresos derivados de préstamos (PAI 2015).

- Que ambos factores deron lugar igualmente a un incumprimento na regra de gasto.

-Que ao longo do Plan Económico Financeiro xustifícase o incumprimento e demóstrase que se trata dunha situación puntual e non estrutural.

-Que nestes supostos o criterio que mantén a Intervención Xeral da Administración do Estado é que o Plan Económico se poderá aprobar sen medidas adicionais, explicando e demostrando que cos datos dos orzamentos do ano seguinte se retorna a unha senda de equilibrio, tanto coas previsións iniciais como coas previsións de liquidación orzamentaria.

- Que este plan será obxecto de seguimento polo órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia e polo Ministerio de Facenda, de xeito que poderá formular calquera advertencia de incumprimento cando así se detecte, e en consecuencia, propoñer a adopción de medidas adicionais.

Intervén o Sr. García Couso (de CxG) manifestando que o remanente non é un aforro, senón unha falta de eficacia na xestión, e pregunta que ocorrería en caso de non aprobarse o plan.

Contesta a interventora que entón enviarían requirimentos preguntando: porque non se aprobou e que tería previsto facer o Concello neste caso, podéndose adoptar una serie de medidas.

Tras o exposto a Presidenta da Comisión someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose -por catro votos a favor (de AxA) e catro abstencións (2 do PP e 1 do PSdeG- PSOE e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente a aprobación do plan económico financeiro para o período 2017.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que mantén a posición que expuxo na sesión da Comisión especial de Contas; entende que é un documento que sexa necesario facer, e quen o elabora é o equipo de goberno que se compromete a cumprilo; a responsabilidade está en que se cumpla.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, como a elaboración dese plan económico financeiro é unha obriga legal, vai a votar a favor.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que, ao ser un plan obrigatorio, vai votar a favor.

Coñecida a documentación que integra o referido plan, entre a que figura o informe emitido pola interventora con data 20 de marzo de 2017, a través do cal informa favorablemente dito plan.

O Sr. Alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por doce votos a favor (7 de AxA, 4 do PP e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención do Sr. García Couso- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o Plan económico financeiro para o período 2017-2018.

Segundo.- Publicar un anuncio indicativo da aprobación de dito plan, no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Remitir dito plan, ao Ministerio de Facenda, a través da plataforma habilitada pola oficina virtual das entidades locais, así como tamén á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

Punto 5º) TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DITADOS POLO ALCALDE DURANTE OS MESES DE XULLO A OUTUBRO DE 2016.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 1 de xullo de 2016 -en que foi ditada a resolución mais inmediata a última do día 30 de xuño de 2016 (da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día 17 de febreiro de 2017)- ata a ditada o día 30 de outubro de 2016.

Estando referidas:

* A primeira resolución (*reflectida no folio 8.796 e volto*), á aprobación do padrón que comprende a relación de suxeitos pasivos afectados polo pago da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, correspondente ao mes de xuño de 2016.

* Mentres que a última resolución (*reflectida no folio 8.999 e volto*), refírese á estimación da solicitude presentada por dona María Dolores Vázquez Castro, para que lle fose prestado o servizo de axuda no fogar, por parte da auxiliar doméstica; facéndolle saber que esa prestación devengaría a taxa prevista na ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Tendo en conta:

- Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e

- Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse -por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 6º) DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2016.

Por vir así establecido no artigo 193 nº 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procede dar conta agora do expediente completo de dita liquidación, por ser esta a primeira sesión, seguinte á data do Decreto ditado polo alcalde o día 28 de febreiro de 2017, sobre aprobación da referida liquidación:

Sendo o contido de dito Decreto o seguinte:

*“Visto o expediente tramitado para a aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2016 conforme ao establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o informe de intervención que obra no expediente, **RESOLVO:***

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do orzamento xeral de 2016, integrada polos seguintes estados cos seguintes resultados:

- *Liquidación do orzamento de gastos*
- *Liquidación do orzamento de ingresos*
- *Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31 de decembro*
- *Remanentes de crédito*
- *Resultado orzamentario*
- *Remanente de Tesourería*

E cos seguintes resultados:

EXECUCIÓN ORZAMENTO GASTOS E INGRESOS:

GASTOS	C.D	O.R.N	%	INGRESOS	P.D	S.R.N.	%
Cap1	1.682.515,60	1.599.803,76	95,08%	Cap 1	1.615.368,84	1.547.937,34	95,83%
Cap2	2.566.258,19	2.167.598,28	84,47	Cap2	100.000,00	58.553,77	58,55%
Cap3	11.475,33	8.315,77	72,47%	Cap3	1.131.467,40	747.175,75	66,04%
Cap4	330.777,58	196.260,58	59,33%	cap4	1.936.044,66	2.003129,07	103,47%
				cap5	2.815,34	2.759,96	98,03%
Cap6	880.444,31	985.397,52	111,92%	Cap6	0,00	0,00	
Cap7	20.000,00	16.000,00	80,00%	Cap7	784.283,76	275.633,88	35,14%
Cap8	6.000,00	2.400,00	40,00%	Cap8	6.000,00	3.032,17	50,54%
Cap9	78.508,99	79.875,46	101,74%	Cap9	0,00	92.110,00	
TOTAL	5.575.980,00	5.055.651,37	85,14%	TOTAL	5.575.980,00	4.730.331,94	84,83%

DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/2016	148.946,56 €
OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 31/12/2016	370.194,40 €

RESULTADO ORZAMENTARIO:

CONCEPTOS	D. REC. NETOS	O. REC. NETAS	AXUSTES	RESULT. ORZ.
operacións correntes	4.359.555,89	3.971.978,39		
outras operacións non financeiras	275.633,88	1.001.397,52		
Total operacións non financeiras	4.635.189,77	4.973.375,91		
Activos financeiros	3.032,17	2.400		
Pasivos financeiros	92.110	79.875,46		
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	4.730.331,94	5.055.651,37		157.995,88
AXUSTES				
créditos gastados financiados con RLT			327.833,46	
Desviacións de financiación negativas			217.286,11	
Desviacións de financiación positivas			18.199,92	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				201.600,22

REMANENTE DE TESOURERÍA:

DEREITOS PENDENTES DE COBRO		222.881,08
+De orzamento corrente de ingresos	148.946,56	
+De orzamento pechado de ingresos	71.495,08	
+De recursos doutros entes públicos	0	
+Doutras operacións non orzamentarias	2.349,44	
FONDOS LÍQUIDOS		385.828,79
-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		483.411,07
+De orzamento corrente de gastos	370.194,40	
+De orzamento pechado de gastos	0	
+Doutras operacións non orzamentarias	113.216,67	
-Pagos pendentes de aplicación	9.807,46	
=REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		135.106,26
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		38.782,65
EXCESOS DE FINANCIACION AFECTADA		2.446,10
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		93.877,51

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO.- Remitir de copia de devandita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma, en cumprimento do disposto no artigo 193.5 do TRLRFL.”

Coñecido o contido do anterior decreto.

Adoptouse -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta

Corporación Local- o acordo de quedar enterados da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2016, así como do decreto do alcalde polo cal se aprobou dita liquidación, previo o informe de intervención.

Punto 7º) DAR CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2018-2020.

Dáse conta do decreto do alcalde, ditado con data 15 de marzo de 2017, polo cal se aprobou o plan orzamentario a medio prazo, no que se enmarcará a elaboración dos orzamentos do Concello de Arzúa para os exercicios 2018, 2019 e 2020.

Sendo o contido de dito plan o seguinte:

● Detalle de ingresos correntes (Estimación de previsións iniciais):

Total de ingresos correntes: Ano 2017= 4.994.910,92 euros.
Ano 2018= 5.027.768,28 euros.
Ano 2019= 5.060.625,64 euros.
Ano 2020= 5.093.483,00 euros.

● Detalle de ingresos de capital (Estimación de previsións iniciais):

Total de ingresos de capital: Ano 2017= 302.234,43 euros.
Ano 2018= 299.045,73 euros.
Ano 2019= 299.045,73 euros.
Ano 2020= 299.045,73 euros.

● Detalle dos ingresos financeiros (Estimación de previsións iniciais):

Total de ingresos financeiros: Ano 2017= 327.474,65 euros.
Ano 2018= 6.000 euros.
Ano 2019= 6.000 euros.
Ano 2020= 6.000 euros.

● Detalle dos gastos correntes (Estimación de créditos iniciais):

Total de gastos correntes: Ano 2017= 4.496.962,34 euros.
Ano 2018= 4.493.648,49 euros.
Ano 2019= 4.494.066,70 euros.
Ano 2020= 4.493.883,35 euros.

● Detalle dos gastos de capital (Estimación de créditos iniciais):

Total de gastos de capital: Ano 2017= 735.095,34 euros.
Ano 2018= 731.095,34 euros.
Ano 2019= 731.095,34 euros.
Ano 2020= 731.095,34 euros.

● Detalle dos gastos financeiros (Estimación de créditos iniciais):

Total de gastos financeiros: Ano 2017: 392.562,32 euros.
Ano 2018: 60.600,28 euros.

Ano 2019: 93.947,33 euros.

Ano 2020: 127.296,43 euros.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dase por rematado o acto; levantándose a sesión as 21.20 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que queda autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario que certifica.